Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:01:08
Nº Rexistro: 16824
Data envío: 13/01/2025 11:01:08,227

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:39:29

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 12:39:40

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 12:39:49

CSV: B0P1STBDC57EE18X4A197
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

Os bandazos que está a dar o Goberno galego en relación con diversas cuestións que afectan á autonomía local como as modificacións xunto á entidade semipública Sogama en relación co canon de recollida do lixo, o SAF, ou a negativa a asumir a xestión das UAD, entre outras... están a causar moita preocupación entre os concellos que non teñen aínda claro a que condicións van ter que se acoller o próximo ano 2025.

Isto provocou que na Xunta de Voceiros da Fegamp o pasado martes 12 de novembro de 2024 as EELL quixeran marcar o seu posicionamento, e consonte a isto acordaron as seguintes reivindicacións:

1º.-En relación ao FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL:

- a. Que os recursos obtidos polos concellos con cargo ás dotacións orzamentarias do FCL teñan carácter de financiamento incondicionado.
- b. Que a contía adicional do FCL se integre no fondo base para todos os concellos, con independencia da súa poboación.
- c. Demandar que para o reparto do FCL se teñan en conta os criterios de poboación, superficie, núcleos de poboación e porcentaxe de maiores de 65 anos, conforme ao disposto no punto 5 da disposición adicional 5ª da Lei 14/2010, de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.





2.- No referente o SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: Que as administracións, autonómica e estatal, sufraguen anualmente o custo efectivo íntegro do SAF.

3.- ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS: Que se dote dun fondo específico anual con destino os concellos que cubra a totalidade dos custos das escolas infantís municipais derivados da gratuidade establecida pola Xunta de Galicia, conforme o establecido no artigo 49 da Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia.

4.- FONDO DE DEMOGRAFÍA: Que a Xunta de Galicia cumpra o disposto no artigo 13 da Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia, e proceda á creación inmediata dun fondo específico anual con destino os concellos e dirixido ao equilibrio demográfico territorial.

5.- UADS: Que se incremente a partida destinada a “PROGRAMAS DROGODEPENDENCIAS. CONVENIO FEGAMP”, de tal xeito que dea cobertura ao 100 % dos gastos das 13 Unidades Municipais, en tanto non se materialice a súa integración.

6.- SOGAMA:

a. Que o reparto en concepto de fondo ambiental entre todos os concellos galegos se realice utilizando como criterio o número de toneladas depositadas por cada concello, que é a base do prezo establecido por SOGAMA.

b. Que a Xunta de Galicia achegue a cantidade total recadada/prevista en concepto de “imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos” para a aplicación de bonificacións no canon dos concellos.





c. Que o Goberno da Xunta inicie un procedemento de colaboración coas entidades locais, a través da Fegamp, coas seguintes liñas de actuación mínimas:

- Colaboración e asesoramento para a elaboración e aprobación de ordenanzas municipais de residuos, así como de plans de prevención e xestión de residuos.
- Colaboración e asesoramento para a posta en marcha de servizos de inspección de residuos.
- Colaboración e asesoramento para a implantación de sistemas de recollida separada de biorresiduos e doutras fraccións (têxtils, enseres, mobiliario) de recollida separada obrigatoria a partires de 2025.
- Colaboración no establecemento de taxas ou prestacións patrimoniais, que permitan implantar o pagamento por xeración e que reflictan o custo real da recollida, transporte e tratamento dos residuos.
- Colaboración na promoción de campañas de sensibilización e concienciación social para favorecer o consumo responsable, inmaterial e reutilizable, así como a necesidade de separación en orixe para a posterior reciclaxe.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista compartimos as reivindicacións aprobadas na Xunta de Voceiros da Fegamp por responder ás principais necesidades que presentan todos os concellos galegos, por ser necesarias para compensar as diversas modificacións introducidas na lexislación derivada do orzamento 2025 que afectan ao réxime competencial das entidades locais e por entrar dentro das competencias que por ser a Administración autonómica lle corresponden ao goberno da Xunta.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:01:38
Nº Rexistro: 16826
Data envío: 13/01/2025 11:01:38,195

E defendemos a necesidade de que o Goberno galego teña en conta á Fegamp á hora de desenvolver políticas que afecten á autonomía local, sexan de competencia compartida ou se refiran á planificación ou xestión de políticas públicas.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Vai ter en conta o Goberno galego as reivindicacións aprobadas pola Xunta de Voceiros da Fegamp o martes 12 de novembro de 2024?

Parlamento de Galicia, 13 de Xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

@PSdeG



CSV: B6P1S7B936N01010101179
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:01:38
Nº Rexistro: 16826
Data envío: 13/01/2025 11:01:38,195

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:40:48

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 12:40:59

CSV: B6P5T8B936N0K0M0H79
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:02:14
Nº Rexistro: 16827
Data envío: 13/01/2025 11:02:14.446

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A falla dunha atención pediátrica axeitada no concello de Vilagarcía de Arousa está a causar un grave prexuízo a moitos pais e nais, que están a sufrir unha mingua na calidade da atención sanitaria.

O Centro de Saúde de San Roque no concello de Vilagarcía ten recollido no seu Plan funcional unha cota de 4 pediatras, en horario de mañá, e unha cota de 1 pediatra, en horario de tarde.

Na actualidade non esta a funcionar conforme ao estipulado neste plan, xa que a praza de pediatría en horario de tarde está vacante e a maiores se suma que un dos pediatras da quenda de mañá tense que desprazar con moita frecuencia ata o PAC, reducíndose notablemente o cadro, e obrigando aos dous pediatras restantes a asumir a cota de 4 profesionais.

Esta situación esta a afectar tanto os profesionais sanitarios polo estrés que produce a sobrecarga de traballo como os pais e nais adscritos a este centro xa que a ausencia de atención pola tarde dificulta enormemente a conciliación.

Dende o Goberno municipal de Vilagarcía alertaron desta desatención á Consellería de Sanidade sen que ata o de agora obtiveran ningunha resposta.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a atención sanitaria constitúe un dos piares básicos do noso Estado do Benestar e un dereito da





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:02:14
Nº Rexistro: 16827
Data envío: 13/01/2025 11:02:14.446

ciudadanía polo que corresponde á Administración competente, neste caso, o Goberno da Xunta, garantir a prestación deste dereito baixo os parámetros de eficiencia e calidade, aspectos que no servizo de pediatría de Vilagarcía non se están a dar, polo que pedimos ao Goberno galego que adopte as medidas necesarias para cubrir a totalidade das prazas de pediatría no centro de saúde de San Roque en Vilagarcía de Arousa, cumprindo co establecido no Plan Funcional, con 4 cotas de mañá e 1 de tarde.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando ten previsto este goberno cubrir a totalidade das prazas de pediatría no Centro de Saúde de San Roque no concello de Vilagarcía de Arousa, cumprindo co establecido no seu Plan funcional?

Santiago de Compostela, 13 de Xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

59009

@PSdeG



CSV: BGPISDTPD34N10G5146-5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:02:14
Nº Rexistro: 16827
Data envío: 13/01/2025 11:02:14.446

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:41:25

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 12:41:34

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 12:41:43

CSV: B6P5TRB934N1065146-5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:02:51
Nº Rexistro: 16829
Data envío: 13/01/2025 11:02:51.821

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

O pasado 10 de abril, o Centro de Investigaciones Sociológicas publicou a quinta edición da enquisa da serie de Hábitos Deportivos. Nesta enquisa saíu á luz un dato alarmante sobre o deporte feminino: só o 8,8 % das mulleres ten licenza federativa nalgún deporte, fronte ao 21,15 % dos homes. Isto significa que, en España, a pesar dos avances en materia de igualdade no deporte, as disciplinas con modalidades federadas seguen a ser un ámbito predominantemente masculino debido a que só menos da metade dos deportistas son mulleres.

Esta é unha realidade que tamén se extrapola a Galicia. Nun estudo publicado polo Anuario de Estadísticas Deportivas elaborado polo Ministerio de Cultura e Deporte no ano 2022 sinalouse que Galicia conta cun total de 281.561 deportistas federadas e federados, dos que só o 23,76 % son mulleres (66.897). A cifra máis rechamante dáse no fútbol. Aínda que este é o deporte con maior número de licenzas femininas, un total de 6.606 fichas, tan só superan lixeiramente o 7 % do total de futbolistas galegos federadas e federados. Aínda que é certo que nalgúns modalidades as mulleres compoñen o groso maioritario das licenzas (o 93,36 % en ximnasia ou 77,29 % en baile deportivo), esta non é a regra xeral, sobre todo cando se trata daqueles deportes cuxa práctica está máis estendida. Por exemplo: o baloncesto, onde as mulleres constitúen o 32,33 % das licenzas, é dicir, 5.521 deportistas.





Na mesma liña, noutro estudo realizado nas federacións galegas de 13 disciplinas distintas concluíuse que a porcentaxe de mulleres federadas tan só alcanza o 19 %. A natación é o único deporte que pode presumir de cumprir coa paridade total. Pola contra, o resto de federacións que facilitaron datos adoecen dun marcado predominio masculino.

Aínda que estes datos non se deben xeneralizar á totalidade do deporte galego, si constatan unha realidade: as mulleres aínda están lonxe de ocupar un espazo que lles pertence.

O principio de igualdade entre mulleres e homes é un mandato esixido por un gran abanico de normas vixentes. No ámbito europeo debemos atender á Directiva 2006/54/CE do Parlamento Europeo relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres. No ámbito estatal, o artigo 14 da Constitución española introduciu a igualdade como un principio xeral do dereito que foi desenvolvido pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, e normativa aplicable, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que culmina o proceso lexislativo de transversalización da igualdade de mulleres e homes en todo o ordenamento xurídico español. No que respecta a Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia estableceu no seu artigo primeiro o “compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, atribuíndolle o máis alto grao de efectividade ao dereito constitucional á igualdade entre as mulleres e os homes no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma. “Así mesmo, o artigo 3, apartado c) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia establece "o impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva" como un principio reitor dela.





Por todo o exposto, a promoción e o auxe do deporte feminino é un deber das institucións para coa sociedade e un síntoma de boa saúde democrática. Ten que entenderse como un dereito individual que goce de amparo por parte dos entes públicos galegos e de protección xurídica nos tribunais. As e os socialistas entendemos que o Goberno galego ten que axudar ás mozas e ás mulleres para acceder ás disciplinas deportivas que sexan do seu agrado para que poidan practicalas en condicións de igualdade cos homes. Todo iso sen ter que sufrir ningún tipo de discriminación ou soportar situacións de precariedade que só de cando en cando se poden observar no deporte masculino.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que ten previsto facer o Goberno da Xunta de Galicia para fomentar e promover o deporte feminino?
2. Que campañas de sensibilización e información dirixidas ao conxunto da sociedade ten previsto facer este goberno co obxecto de difundir o deporte feminino?
3. Como vai colaborar o Goberno galego coas federacións da Comunidade para aplicar as medidas necesarias para impulsar as súas seccións femininas?
4. Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para asegurar que todos os deportes se practiquen en condicións de igualdade e sen discriminación por mulleres e homes?
5. Que actuación vai levar a cabo a Xunta de Galicia para lograr unha maior visibilidade das competicións e o deporte feminino na programación e nos informativos galegos?

Parlamento de Galicia, 13 de Xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:02:51
Nº Rexistro: 16829
Data envío: 13/01/2025 11:02:51.821

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 13:25:20

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 13:25:28

CSV: B6P5T8B9336G28P76167
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6ª**.

A comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratéxico nas oportunidades de desenvolvemento industrial do territorio galego, entre outros motivos pola situación loxística na que se atopa o seu solo industrial, pola conectividade ferroviaria directa, a proximidade ao porto de Marín e a facilidade de acceso á autoestrada AP-9.

A Xunta do PP non foi quen de ver isto e no desenvolvemento do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais no ano 2014 deixou sen desenvolver todas estas posibilidades e agora na segunda modificación do Plan que se está a tramitar tampouco prevé ningunha ampliación na comarca de Pontevedra, a maiores algunhas zonas que si estaban previstas tampouco foron desenvolvidas nestes 10 anos.

Nun momento de oportunidade como o que estamos a vivir coa recepción de fondos europeos que nos permitirán desenvolver unha industria verde destinada á xeración de recursos que faciliten unha autosuficiencia enerxética e melloren a nosa capacidade produtiva, o Goberno da Xunta, como administración competente, ten que ser capaz de reter no noso territorio o maior investimento posible.

Na comarca de Pontevedra existen 4 polígonos industriais, a Reigosa (Pontecaldelas), Fragamoreira (Poio), O Campiño (Pontevedra), Barro-Meis, que necesitan crecer da man para poder chegar a albergar todos eses ambiciosos proxectos e xerar emprego de calidade no territorio.





A maiores desde o Grupo Socialista levamos anos insistindo na necesidade de crear un porto seco, que poida ampliar a industria vinculada ao porto de Marín e que neste momento, non ten posibilidades de crecemento, sinalando o lugar de Leborei na parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) como axeitado por contar con 435.137 metros cadrados e presentar unha situación máis que axeitada para satisfacer as necesidades do porto de Marín.

Por todo iso, dende o Grupo Socialista solicitamos ao goberno da Xunta de Galicia, como administración competente en materia de ordenación do territorio, industria e fomento e planificación da actividade económica de Galicia, que desenvolva a ampliación destes parques co fin de cubrir as necesidades empresariais existentes na comarca de Pontevedra.

Por todo o antedito, interesa coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

1ª. Entende este goberno que a comarca de Pontevedra ten cubertas as súas necesidades empresariais?

2ª. Considera este goberno que a comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratéxico nas oportunidades de desenvolvemento industrial do territorio galego?

3ª. Ten previsto este goberno ampliar os polígonos de Fragamoreira (Poio) e o Campiño (Pontevedra) como prevé o Plan sectorial de Areas empresariais do ano 2014?

4ª. Entende este goberno como necesario a creación dun porto seco que permita ampliar a capacidade industrial do porto de Marín?

Parlamento de Galicia, 13 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:05:07
Nº Rexistro: 16831
Data envío: 13/01/2025 11:05:07,744

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:38:43

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 12:38:52

Lara Méndez López na data 10/01/2025 12:39:01

CSV: B0P5TRB0-5X6101545167
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O pasado día 24 de setembro 2024, o xerente da área sanitaria de Pontevedra manifestou nunha entrevista realizada nun medio de comunicación que polo menos cinco servizos hospitalarios permanecerán no Hospital Provincial mentres non se reforme o actual Montecelo, manifestando que isto tardaría máis de dous anos.

Dentro das áreas que van sufrir un atraso no traslado citaba as de hospitalización de Oncoloxía, Psiquiatría, parte de Medicina Interna, Coidados Paliativos e varias das unidades nas que se practican cirurxías ambulatorias. E afirmaba que o traslado se faría da seguinte forma:

- a) Oncoloxía, trasladaranse as consultas pero a planta de hospitalización, manterase no Provincial ata que se termine de reformar o actual Montecelo.
- b) Medicina Interna, trasladase só unha porcentaxe das camas reservadas para ingresos.
- c) Urgencias Pediátricas, Pediatría, Obstetricia, Xinecoloxía e Neuroloxía pasarán dende o inicio ao novo Montecelo.
- d) Psiquiatría, Coidados Paliativos e Cirurxía ambulatoria permanecerán no Provincial.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:05:12
Nº Rexistro: 16832
Data envío: 13/01/2025 11:05:12.681

A maiores o xerente da área sanitaria sinalou que “lo óptimo sería que los recursos se quedaran concentrados en el nuevo hospital y el Montecelo ya reformado, pero si estas infraestructuras no son capaces de satisfacer toda la demanda de prestaciones sanitarias, lo ideal sería mantener con pulso el Hospital Provincial”

Dende o Grupo Socialista manifestamos a nosa profunda preocupación polas afirmacións vertidas polo xerente da área sanitaria, xa que, por unha banda, deixan aberta a posibilidade de incumprir o Plan de Usos do Novo Montecelo e por outra, evidencian a discriminación dunhas áreas sanitarias respecto doutras, como a de Psiquiatría ou Cirurxía ambulatoria.

E por iso, polo que solicitamos ao goberno da Xunta que cumpra integramente o Plan funcional do Gran Montecelo aprobado pola Xunta de Galicia o 23 xuño de 2017, e se comprometa a que unha vez finalizado o traslado, manter o uso socio sanitario do Hospital Provincial como vén desenvolvendo historicamente este espazo.

Ante esta situación as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai cumprir o Goberno galego o Plan funcional do Gran Montecelo aprobado pola Xunta de Galicia o 23 xuño de 2017?
2. Vai manter este goberno, unha vez finalizado o traslado, o uso socio sanitario do Hospital Provincial como vén desenvolvendo historicamente este espazo?

Santiago de Compostela, 13 de Xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:05:12
Nº Rexistro: 16832
Data envío: 13/01/2025 11:05:12.681

**Asinado
dixitalmente
por:**

**Paloma Castro
Rey na data
10/01/2025
12:42:57**

**Elena Espinosa
Mangana na
data
10/01/2025
12:43:07**

**Silvia
Longueira
Castro na data
10/01/2025
12:43:15**





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:05:53
Nº Rexistro: 16834
Data envío: 13/01/2025 11:05:53.431

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O pasado mes de abril de 2024 a Xunta de Galicia anuncia o inicio da obras de mellora do firme na estrada PO-531 en Pontevedra, unha estrada cunha importante intensidade de tráfico que se atopa nunha grave situación de desgaste dende hai moito tempo.

Iniciadas estas obras son moitas as queixas sobre a forma de execución das mesmas debido á falla de dilixencia xa que consisten nun parcheo cunha capa de asfalto dun grosor case inapreciable e baixa calidade que deixa grandes cantidades de "grava" nas beirarrúa da estrada.

Algunhas das zonas máis afectadas están situadas entre Alba e Campañó, a carón da entrada na cidade de Pontevedra.

Isto xa provocou incidentes, ata o de agora de escasa gravidade pola abundancia de material árido. As beiravías desta estrada son moi estreitas e non foron ampliadas con motivo da construción dunha senda peonil. Ademais, estas estreitas beiravías contan con liña ranurada para advertir ás persoas condutoras dos automóbiles que saen da calzada, producindo que aos ciclistas lle resulte completamente imposible circular pola beiravía e teñan que ir pola calzada.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:05:53
Nº Rexistro: 16834
Data envío: 13/01/2025 11:05:53.431

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno galego que as obras que se están a levar a cabo na na PO-531, cumpren coas garantías mínimas de seguridade viaria?
2. Cree este goberno que a seguridade viaria de ciclistas e motociclistas está garantida?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:05:53
Nº Rexistro: 16834
Data envío: 13/01/2025 11:05:53.431

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:34:40

Carlos López Font na data 10/01/2025 12:34:51

CSV: B6PIS7B9G3XQ1B3kd-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:05:57
Nº Rexistro: 16836
Data envío: 13/01/2025 11:05:57.135

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 1ª**.

O día 29 de outubro o leste da península ibérica padeceu os efectos dunha DANA, que impactou sobre todo na Comunidade Valenciana causando gravísimas desfeitas e un número moi elevado de mortes.

O acontecido fainos reflexionar sobre os efectos que esta a ter no noso territorio o cambio climático, provocando que os fenómenos atmosféricos sexan cada vez máis agresivos e daniños.

A Xunta de Galicia por lei ten a obriga da superior coordinación e dirección da protección civil, a xestión dos servizos de forma unitaria para todo o territorio galego e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais.

A actual Lei de emerxencias é do ano 2007 (lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia) e tras 14 anos de goberno do PP, non só seguen a manter a mesma lei senón que non foron quen de desenvolver un regulamento para poder delimitar moitos aspectos necesarios para unha mellor aplicación dela e máis eficiente funcionamento dos recursos.

Por outra banda, temos o Platerga, aprobado no ano 2009, que é o documento técnico que ten como fin actuar como marco orgánico-funcional para a planificación das actuacións, xestión das emerxencias e mecanismo de coordinación entre as distintas administracións públicas implicadas e destas





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:05:57
Nº Rexistro: 16836
Data envío: 13/01/2025 11:05:57.135

cos particulares, e que establece as instrucións para permitir mobilizar os recursos humanos e materiais necesarios para a protección de persoas e bens. Dende o Grupo Socialista levamos moito tempo incidindo na importancia de ter un sistema de emerxencias dotado de medios materiais suficientes que dea respostas ante as diferentes situacións que poidan xurdir.

A realidade da Xunta de Galicia é que non se preocupou en todos estes anos de Goberno, máis dunha década, de actualizar os sistemas de emerxencias existentes e adecualos ás novas tecnoloxías nin ás novas situacións que poidan xurdir.

Feitos como o de Valencia fannos dar de conta da importancia dunha resposta rápida e axeitada ante as situacións de emerxencia que se poden dar na Comunidade Autónoma de Galicia, de ter recursos humanos e materiais necesarios e suficientes para facer fronte ás distintas tipoloxías de riscos que se poden dar, e da importancia dunha organización, planificación, coordinación e dirección de todos os axentes involucrados na emerxencia.

Ante esta situación, as deputadas que asina formulan a seguinte pregunta:

Entende o Goberno galego que conta cun sistema de emerxencias axeitado para dar unha resposta eficaz ante ás diferentes situacións extremas que poidan provocar os efectos do cambio climático?

Parlamento de Galicia, 13 de Xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:05:57
Nº Rexistro: 16836
Data envío: 13/01/2025 11:05:57.135

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 12:43:41

Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025 12:43:51

CSV: B6PIS7B9C3D60V81408G-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

O deporte supón un ámbito de extrema importancia para o desenvolvemento de accións e proxectos de difusión de valores, tanto pola relevancia que ten na súa propia práctica como polo valor simbólico e de imaxe que proxecta debido ao seu impacto na vida social cotiá da cidadanía.

Así, o deporte ten sido, e é, un instrumento de potenciación de valores sociais, así como correa de transmisión especialmente en idades novas polo seu valor formativo. No entanto, existen ámbitos nos que o deporte non está sendo de todo vangardista e precisa de impulsos decididos para a súa mellora. O campo da igualdade é un espazo que responde a esas características.

A recente Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte aprobada no Congreso dos Deputados inclúe dentro do seu articulado eixos fundamentais en canto á práctica deportiva, e apunta á igualdade como un obxectivo que debe ser acadado neste ámbito.

Consonte a isto, resulta necesario adaptar as normativas autonómicas que non recollían explicitamente estas cuestións para que se actualicen e promovan accións a favor da igualdade real. Este é o caso da Lei 3/2012, do 2 de abril do deporte de Galicia, que pode ser mellorada.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:08:54
Nº Rexistro: 16845
Data envío: 13/01/2025 11:08:54.855

1. Entende este goberno que a Lei 3/2012 do deporte de Galicia cumpre os parámetros en materia de igualdade establecidos na recente lexislación estatal?

2. Vai levar a cabo este goberno algún tipo de actuación para actualizar a lexislación deportiva en Galicia que ten máis dunha década?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

@PSdeG



CSV: BGP/STB935P0016246-57
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:08:54
Nº Rexistro: 16845
Data envío: 13/01/2025 11:08:54.855

Asinado dixitalmente por:

**Paloma Castro Rey na data 10/01/2025
13:02:33**

**Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025
13:02:40**





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6ª**.

A comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratéxico nas oportunidades de desenvolvemento industrial do territorio galego, entre outros motivos pola situación loxística na que se atopa o seu solo industrial, pola conectividade ferroviaria directa, a proximidade ao porto de Marín e a facilidade de acceso á autoestrada AP-9.

A Xunta do PP non foi quen de ver isto e no desenvolvemento do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais no ano 2014 deixou sen desenvolver todas estas posibilidades e agora na segunda modificación do Plan que se está a tramitar tampouco prevé ningunha ampliación na comarca de Pontevedra, a maiores algunhas zonas que si estaban previstas tampouco foron desenvolvidas nestes 10 anos.

Nun momento de oportunidade como o que estamos a vivir coa recepción de fondos europeos que nos permitirán desenvolver unha industria verde destinada á xeración de recursos que faciliten unha autosuficiencia enerxética e melloren a nosa capacidade produtiva, o Goberno da Xunta, como administración competente, ten que ser capaz de reter no noso territorio o maior investimento posible.

Na comarca de Pontevedra existen 4 polígonos industriais, a Reigosa (Pontecaldelas), Fragamoreira (Poio), O Campiño (Pontevedra), Barro-Meis, que necesitan crecer da man para poder chegar a albergar todos eses ambiciosos proxectos e xerar emprego de calidade no territorio.





A maiores desde o Grupo Socialista levamos anos insistindo na necesidade de crear un porto seco, que poida ampliar a industria vinculada ao porto de Marín e que neste momento, non ten posibilidades de crecemento, sinalando o lugar de Leborei na parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) como axeitado por contar con 435.137 metros cadrados e presentar unha situación máis que axeitada para satisfacer as necesidades do porto de Marín.

Por todo iso, dende o Grupo Socialista solicitamos ao goberno da Xunta de Galicia, como administración competente en materia de ordenación do territorio, industria e fomento e planificación da actividade económica de Galicia, que desenvolva a ampliación destes parques co fin de cubrir as necesidades empresariais existentes na comarca de Pontevedra.

Por todo o antedito, interesa coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

1ª. Entende este goberno que a comarca de Pontevedra ten cubertas as súas necesidades empresariais?

2ª. Considera este goberno que a comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratéxico nas oportunidades de desenvolvemento industrial do territorio galego?

3ª. Ten previsto este goberno ampliar os polígonos de Fragamoreira (Poio) e o Campiño (Pontevedra) como prevé o Plan sectorial de Areas empresariais do ano 2014?

4ª. Entende este goberno como necesario a creación dun porto seco que permita ampliar a capacidade industrial do porto de Marín?

Parlamento de Galicia, 13 de xaneiro de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:12:36
Nº Rexistro: 16856
Data envío: 13/01/2025 11:12:36.918

Asinado dixitalmente por:

**Paloma Castro Rey na data 10/01/2025
12:33:55**

**Patricia Iglesias Rey na data 10/01/2025
12:34:04**

**Lara Méndez López na data 10/01/2025
12:34:16**





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:13:56
Nº Rexistro: 16860
Data envío: 13/01/2025 11:13:56,888

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (Fagal) estimou que na área Pontevedra-Salnés existen cerca de 4.700 persoas con patoloxías que provocan demencias.

Unha cifra que se disparou nos últimos anos e que previsiblemente vai en aumento polo envellecemento da poboación e o incremento da esperanza de vida. As estatísticas advirten que no ano 2050 o 50 % da poboación galega terá máis de 65 anos e o alzhéimer coma outras enfermidades está vinculado á idade.

Pontevedra na actualidade conta cun centro de día público pertencente á Consellería de Política Social e Xuventude, que é xestionado pola asociación AFAMPO que se dedica á asistencia a enfermos de alzhéimer e outras demencias.

Este centro conta con 35 prazas, atópase cuberto ao 100 % e cunha lista de espera de máis de 20 persoas, o que demostra que é un recurso claramente insuficiente polo que está a ser complementado por recursos asistenciais de carácter privado.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Xunta de Galicia debe incrementar o número de prazas públicas existentes e a maiores, tendo en conta o progresivo incremento destas patoloxías, incluír na carteira sanitaria da área Pontevedra-Salnés unha unidade especializada en Alzheimer e outras demencias, que poida dar unha cobertura sanitaria axeitada a estes pacientes e mellorar así a súa calidade de vida.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Ante a necesidade existente na area sanitaria Pontevedra-Salnés, ten o Goberno da Xunta previsto unha unidade especializada en Alzheimer e outras





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:13:56
Nº Rexistro: 16860
Data envío: 13/01/2025 11:13:56.888

demencias que poida dar unha cobertura sanitaria axeitada a estes pacientes e mellorar así a súa calidade de vida?

Parlamento de Galicia, 13 de xaneiro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:13:56
Nº Rexistro: 16860
Data envío: 13/01/2025 11:13:56.888

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/01/2025 13:10:12

Elena Espinosa Mangana na data 10/01/2025 13:10:27

Silvia Longueira Castro na data 10/01/2025 13:10:40

CSV: B6P1STB93x7YQW5d48-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

O acordo do 15 de setembro de 2005, polo que se aprobaba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, se for o caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.

Os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas son os da Coruña e Vigo.

No ano 2019 os xuíces de instrución de ambas cidades elevaron ao TSXG a petición de modificación das gardas actuais semanais por gardas de 24 horas cunha quenda rotatoria diaria.

A sala de goberno do TSXG deu o seu visto bo e cursou a solicitude ao CXPX que avalou cun informe esta solicitude e o Ministerio de Xustiza na mesma liña recoñecía o pasado ano que isto melloraría a calidade do servizo cara a cidadanía e que está disposto a asumir o custe das novas quendas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2025 11:16:06
Nº Rexistro: 16868
Data envío: 13/01/2025 11:16:06.310

A principio do mes de febreiro de 2022 as Xuntas Sectoriais de Instrución de Vigo e A Coruña, aprobaron por unanimidade reclamar ao Goberno autonómico a través do TSXG a dotación deste servizo de quendas.

